

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 7 DE XUÑO DE 2023.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día sete de xuño de 2023, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa en funcións, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras en funcións: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das licenzas urbanísticas: para construción dunha vivenda unifamiliar illada na Calzada das Gándaras, número 378 (exp. 2021/Y001/000176) e para obras de demolición, acondicionamento e legalización dunha edificación existente de morfoloxía rectangular de 8,55 x 9,57 m e 81,82 m<sup>2</sup>, en planta baixa para destinala a uso agrícola, no Tellado-Romeán (exp. 2023/Y001/000036).

Acórdase a denegación da licenza urbanística para legalización de edificación para almacén en Riva Ian, San Pedro de Soñar (exp. 2022/Y001/000030).

Tamén se acorda outorgar a licenza urbanística para instalación dun ascensor no edificio de vivendas sito na rúa Río Narla, número 28 (exp. 2022/Y001/000314).

Acórdase desestimar o recurso potestativo de reposición interposto contra acordo da Xunta do Goberno Local do 26-04-2023, polo que se denega a licenza para construír un galpón en Santoíño-Piúgos (exp. 2023/P014/000043).

### **ÁREA DE GOBERTNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS**

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac2069456381703248355.doc

Asunto: XUNTA DE GOBRNO LOCAL DO 7-6-2023

### HUMANOS

**2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase a declaración de deserto do lote 2: roza en pistas de parroquias na zona sur e oeste na contratación de servizo de roza en pistas en diversas parroquias da zona rural do Concello de Lugo, exp. ref. 2023/C003/000015.

Acórdase a resolución do contrato por demora na comprobación do replanteo na contratación da obra de renovación de iluminación pública na rúa Perpetuo Socorro e Travesías (Río Avia, Río Támoga e Río Cabe), exp. ref. 2021/C002/000059.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación da prestación dos servizos de colaboración na inspección tributaria municipal, exp. ref. 2022/C003/000027.

Así mesmo, acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación polo procedemento aberto e tramitación urxente na contratación do servizo de roza en pistas en diversas parroquias da zona sur e oeste da zona rural do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2023/C003/000025.

Acórdase a adxudicación na concesión demanial para o uso privativo para a explotación do servizo de cafetería restaurante no edificio mirador do parque Rosalía de Castro, ref. 2023/C012/000002.

**3. PERSOAL.-** Acordase a comisión de servizos do posto de auxiliar administrativo/a na intervención xeral do Excmo. Concello de Lugo.

Tamén se acorda o nomeamento como funcionaria de carreira do Excmo. Concello de Lugo para desempeñar a praza de técnica de xestión (grupo de titulación: Grupo A (subgrupo A2); escala: administración xeral; subescala: xestión).

Acórdase o nomeamento como funcionario de carreira do Excmo. Concello de Lugo para desempeñar a praza de oficial vixilante recadador (grupo de titulación:

grupo C (subgrupo C2); escala: administración especial; subescala: servizos especiais; clase: persoal de oficios).

Acórdase a prórroga da comisión de servizos no posto de xefa de servizo de arquitectura do Excmo. Concello de Lugo.

Tamén se acorda a resolución concurso para a provisión de postos de traballo singularizados e non singularizados no Excmo. Concello de Lugo.

**4. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a regularización tributaria exp. de denegación de licenza urbanística para reorganización das parcelas, sitas en Orbazai, Costa de Vilar e de Cinza, Castelo, Cotón e Musgallón.

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado en funcións da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**